



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los ataques de Marruecos en el Sáhara Occidental y el asesinato de miembros del Frente Polisario.**

Las Fuerzas Armadas de Marruecos asesinaron el pasado domingo 7 de junio a tres miembros del Frente Polisario del Sáhara Occidental, entre ellos Lahbib M. Abdelaziz, dirigente del Frente e hijo del histórico líder saharauí Mohamed Abdelaziz, en un ataque con drones que coincidió con la visita a los campamentos de refugiados de Tinduf del enviado de la ONU para el territorio del Sáhara, Staffan de Mistura.

Hemos denunciado en numerosas ocasiones la constante vulneración de los derechos humanos del pueblo saharauí por parte de Marruecos, que lleva a cabo de forma permanente una política de ocupación de los territorios saharauís y somete al pueblo saharauí a una continua situación de violencia y agresión, vulnerando el derecho internacional, al mismo tiempo que ejerce la represión y la persecución y no permite al pueblo saharauí vivir en paz en su propio país, sino que es desplazado y vive en condiciones durísimas en campamentos, mientras expolia sus recursos naturales y mantiene en la cárcel a cientos de saharauís por el hecho de reclamar sus derechos más esenciales.

Marruecos está llevando a cabo una limpieza étnica calculada del pueblo saharauí con agresiones, violencia y la ocupación de sus territorios, y los reiterados ataques, como este último, demuestran nula predisposición a la resolución del conflicto y al restablecimiento de la paz, con el respaldo del Estado español.

Así pues, es urgente e imperativo que el Estado español recupere su posición respecto del Sáhara, empezando por la condena contundente de los recientes asesinatos de los miembros del Frente Polisario, así como el rechazo de los postulados colonialistas de Marruecos y de Estados Unidos, para recuperar una decidida defensa del derecho de autodeterminación del Sáhara Occidental.

El BNG reclama, por tanto, al Gobierno que vuelva a las posiciones históricas, apoye el proceso de descolonización del Sáhara Occidental, siguiendo las resoluciones de la ONU y



el trabajo de la MINURSO y la celebración del referéndum de autodeterminación del pueblo saharauí.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Condena el Gobierno del Estado los ataques con drones perpetrados por Marruecos el pasado 7 de junio, en los que fue asesinado el dirigente del Frente Polisario, Lahbib Mohamed Abdelaziz, y otros dos miembros de la organización?
2. ¿Denunciará ante la comunidad internacional los constantes ataques de Marruecos contra la población saharauí y exigirá el respeto a los derechos humanos, el fin de las políticas de colonización y ocupación de los territorios saharauís.
3. ¿Recuperará el Gobierno del Estado español su posicionamiento histórico en relación con el Sáhara Occidental, defendiendo el derecho de autodeterminación del pueblo saharauí, amparado en varias resoluciones de la ONU, y apoyará decididamente el proceso de descolonización del Sáhara Occidental?
4. ¿Comparte que ataques como los señalados demuestran la nula predisposición de Marruecos a una resolución pacífica del conflicto y urge avanzar en el proceso de descolonización del Sáhara Occidental, siguiendo las resoluciones de la ONU y el trabajo de la MINURSO para que sea posible realizar, cuanto antes, el referéndum de autodeterminación del pueblo saharauí?

En Madrid, a 9 de junio de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 JUN. 2026 17:05:38

Entrada **118383**

Para a condena dos ataques de Marrocos no Sáhara Occidental

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos ataques de Marrocos no Sáhara Occidental e ao asasinato de membros da Frente Polisario.**

As Forzas Armadas de Marrocos asasinaron o pasado domingo 7 de xuño a tres membros da Frente Polisario do Sáhara Occidental, entre eles, Lahbib M. Abdelaziz, dirixente da Frente e fillo do histórico líder saharauí Mohamed Abdelaziz, nun ataque con drones coincidindo coa visita aos campamentos de refuxiados de Tinduf do enviado da ONU para o territorio do Sáhara, Staffan de Mistura.

Temos denunciado en numerosas ocasións a constante vulneración dos dereitos humanos do pobo saharauí por parte de Marrocos, que pon en práctica de forma permanente unha política de ocupación dos territorios saharauís e somete a unha continua situación de violencia e agresión ao pobo saharauí, vulnerando o dereito internacional, ao tempo que exerce a represión, a persecución e non permite ao pobo saharauí vivir en paz no seu propio país, senón que é desprazado e vive nunhas condicións durísimas en campamentos, mentres espolia os seus recursos naturais e mantén no cárcere a centos de saharauís polo feito de reclamar os seus dereitos máis esenciais.

Marrocos está a levar a cabo unha limpeza étnica calculada do pobo saharauí con agresións, violencia e a ocupación dos seus territorios, e os reiterados ataques, como este último, demostran nula predisposición á resolución do conflito e ao restabelecemento da paz, co respaldo do Estado español.



Así pois, é urxente e imperativo que o Estado español recupere a súa posición a respecto do Sáhara, a comezar pola condena contundente dos recentes asasinatos dos membros da Frente Polisario, así como o rexeitamento dos postulados colonialistas de Marrocos e dos EUA, para recuperar unha decidida defensa do dereito de autodeterminación do Sáhara Occidental.

O BNG reclama pois ao Goberno, que volva ás posicións históricas, apoie o proceso de descolonización do Sáhara Occidental, seguindo as resolucións da ONU e o traballo da MINURSO e a realización do referendo de autodeterminación do pobo saharauí.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Condena o Goberno do Estado español os ataques con drones perpetrados por Marrocos o pasado 7 de xuño, en que foi asasinado o dirixente da Frente Polisario, Lahbib Mohamed Abdelaziz, e outros dous membros da organización?
2. Denunciará ante a comunidade internacional os constantes ataques de Marrocos sobre a poboación saharauí e exixirá o respecto aos dereitos humanos, o fin das políticas de colonización e ocupación dos territorios saharauís?
3. Recuperará o Goberno do Estado español o seu posicionamento histórico en relación ao Sáhara Occidental, defendendo o dereito da autodeterminación do pobo saharauí, amparado en varias resolucións da ONU, e apoiará decididamente o proceso de descolonización do Sáhara Occidental?
4. Comparte que ataques como os sinalados demostran a nula predisposición de Marrocos a unha resolución pacífica do conflito e urxe avanzar no proceso de descolonización do Sáhara Occidental, seguindo



as resolucións da ONU e o traballo da MINURSO para que sexa posíbel realizar, canto antes, o referendo de autodeterminación do pobo saharauí?

Madrid, a 9 de xuño de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso